


CREAR UNHA BIBLIOGRAFÍA OU LISTAXE DE REFERENCIAS

Con RefWorks pódese crear unha bibliografía independente a partir das referencias que temos na nosa base de datos. Esta listaxe ou bibliografía pode **incluir todas** as referencias que temos gardadas na nosa conta, as referencias **dunha carpeta** ou **unha selección** de referencias.

Crear una listaxe de referencias (bibliografía)


Dende o menú da barra de RefWorks prema en “Crear bibliografía” e logo de novo en “Crear bibliografía”



O programa ofrece dúas posibilidades:

- Todas las referencias en “Todas las referencias”
- Referencias seleccionadas en “Todas las referencias”


Deberemos seleccionar o estilo (APA, MLA, Vancouver etc) no que queremos que se xere a bibliografía. Pode escoller o entre o último estilo empregado, buscar entre todos os estilos que inclúe RefWorks (conta con máis de 6000) ou escoller entre os máis empregados “Estilos recientes”.




Unha vez seleccionado o estilo o programa xera a listaxe de referencias que poderá copiar e pegar en calquera documento.



Para crear a bibliografía **dunha carpeta concreta** o proceso é o mesmo, só terá que seleccionar previamente a carpeta onde garda as referencias que quere incluír na bibliografía e seleccionar se quere que aparezan todas ou só as marcadas. A continuación premer en “Crear bibliografía”.



Segundo vaia incluír todas as referencias ou so as seleccionadas marcará a opción que precise e, de novo, o programa xera a bibliografía.



Bibliografías con referencias de varias carpetas

Se quiere facer unha bibliografía con referencias que ten gardadas en carpetas distintas deberá previamente crear unha nova carpeta na que gardar as referencias que quiere incluír nesa bibliografía.

Estilos numéricos

Cando se escolle un estilo de cita numérico (por ex. Vancouver) onde se ordena a bibliografía seguindo a orde de cita, neste caso ao non haber documento con citas a orde da bibliografía será alfabético polo primeiro autor.

Importante!

Que a bibliografía xerada polo programa sexa correcta depende da calidade dos datos gardados. Revise sempre as referencias cando as capture e corrixa os posibles erros. Así evitará problemas cando xere a bibliografía.